




VENTOALTO
P O E S Í A

Conecta
co íntimo

david otero

EDICIÓN
laiovento
LAIOVENTO



Autorretrato

No cimo das horas

Así, como nunha alta montaña, tal o camiñante sobre un mar de nubes que vemos no óleo do romántico alemán Caspar David Friedrich, camiña David Otero no cimo das horas. Porén, o que no pintor é soidade e talvez aspiración a un despois pleno nun outro lugar, o representado polas nubes, é no poeta repaso das horas, reconto das moedas da existencia. Unha existencia en compañía, unhas horas medidas polo propio latexo e polo latexo da vida e as causas e cousas que o moven a el. Aquí.

Aquí, acaso desdoblado, a se contemplar outro ao conectar co íntimo, a se descubrir múltiple, polisémico; secasí, un.

Comeza o repaso da traxectoria e, no punto de partida, alén da bioloxía que podería dicir útero, líquido seminal, sangue vertido doutras veas, di pedra armeira. Pedra armeira, metonimia da historia que herdou e tamén da que el fixo e fai medrar no seu tránsito de home consciente, facedor e non presa pasiva a se deixar devorar polo monstro implacábel do tempo.

Recoñecemento da estirpe, xa que logo; dignidade, que non fachenda; explícita chamada á humildade nunha clara conexión co significado e orixe do termo (*humilitas*, *humilitatis*, que tira a raíz de *humus*, terra).

Terra nós, terra soar da casa, terra casa da lingua, habitácullo das raíces, albergue de vivos e mortos.

A partir desta declaración de intencións inicial, permítenos o camiñante David pór o pé nas súas pegadas. Perderíamos o tempo se, nese facernos partícipes dos seus bos e malos momentos, un acto de xenerosidade pola súa parte, actuásemos coma detectives, a pescudar o quen, o como ou o porqué.

De calquera maneira, por moito que a denotación se nos escape con frecuencia -permítome aplicarlle termos privados das palabras ao texto enteiro-, as connotacións, o que

verdadeiramente interesa, inúndannos como chuvia de abril. Velaí o que de interese universal contén o libro: o pouso de vivir, sufrir, combater e amar, común a cada traxectoria.

Mais hai, alén do papel e da reflexión escrita, tantos libros coma vidas. A diferenza non a marca ese pouso, senón o vivido, sufrido, combatido e amado ao longo do camiño. Os motivos, as causas e as cousas, como xa se dixo. Ou, máis exactamente, mesmo que resulte redundante repetilo, a actitude, o alento que moveu e/ou move as ás de quen camiña.

Quen ler *conecta co íntimo* percibirá antes, no medio e despois, é dicir, en todo momento, a honestidade e coherencia de quen nos abre a porta do seu ser máis profundo. Cómpre non se deixar enganar pola sinxeleza aparente, polo carácter cotián, familiar, das anécdotas e memorias. Sabe ben o autor que nelas vai a cerna da existencia e que non precisan lentes de aumento para significar.

E non, non se trata de facer contas para poñer en orde o vivido e xustificar o camiño andado nin para se perder en pensamentos metafísicos, tal o Dante da *Divina Comedia* que declara: “ Á metade do camiño da vida / achábame eu en selva ben escura / coa vereia dereita xa perdida”. Non. David Otero non perdeu a vereia. Recréaa gozoso, a cortar a rosa novamente, tamén coas súas espiñas, consciente de que non pode ser sen elas e de que, en todo caso, o sangue que brota dos dedos, caso de se espiñar, intensifica o vermello das pétalas.

E si, non renuncia a ela, (A vida? A amada? A palabra creadora? Todas nunha?) “non vou renunciar á túa luz /tan natural por túa / nada fácil de desfrutar / [...]”. Non renuncia a ela, aínda que sabe desde a sabedoría que dá a experiencia, que non é gratuíta, malia ser gracia, agasallo, e que cómpre facerlle as beiras cada día.

Na liña do antedito, lembramos o consello escrito nos sobres de azucre dunha cafetaría en Alcobaça, alí onde xacen

os eternos namorados Pedro I de Portugal e Inés de Castro :“Apaixone-se muitas mais veces, mesmo que seja da mesma pessoa”. Estes versos testifican que é posíbel. Abonda con conectar co íntimo e extraer de alí toda a rebeldía, aposta pola liberdade, beleza, sonhos, desenganos, amores e desamores, para queimalos na fogueira sempre acesa da vida que se sabe a si mesma, da vida viva que, ou arde, ou non é.

Grazas, David, por permitirnos acompañarte na túa gozosa andaina, mestre sen ira, a nos impartir a túa lección de amor e terra.

Marica Campo

1

conecta co íntimo
toma conciencia
axústate na esencia
e agárrate ben

aprende

agora en silencio
mira a tanto ruído
que te escribe
por verte camiñar

aprende

... non te deixes ir
pola primeira vista
bebe...
esa aventura vital

aprende

os tópicos non se abrazan
sábelo?
velaí o detalle
sempre buscarás lecturas novas

aprende

descubre as memorias das heroínas
descubre...

2

abraza a decisión
de seguir
por moita dolor
que poida dar
o que atopas

ti sé como sabes

mira ben
como se entra
pola porta franca
da pedra armeira
a que pregunta

ti sé humilde

mira ben
como te deixa ver
e búscate
na túa honestidade
non recúes

ti sé a mesma

vai pola liña fundamental
na túa forma
chega
desfruta
recoñece

sabes que é esencial coñecer a orixe
haberá máis entregas

3

en recordarte
non hai desencanto
pois as cartas de boa lectura
nas liñas de vida
tráenme luz
para as miñas mans medradas
que te queren soste
nos recordos de tantos ecos escritos
e debuxarte
cando as rubiéns dos días
chaman
para abrir os ollos
con preguntas non escritas

en recordarte
non hai desencanto...

... pois iso

hoxe mira
canto de xente
leva a rúa
cantas as camiñantes
que descansan nos mazadoiros
cantas as donas prateadas
que contan por anos
as crónicas de maxias marabilladas

sacan á vista
paraugas de cores
experiencias compartidas
partituras de acordeóns
follas de versos voandeiras
e o que non gardaron
e misterios
sácannos
entre grises sentidos e terra desmedida